

Manifesto pola declaración do Pedregal de Trimia como Monumento Natural

O NOSO PEDREGAL, MONUMENTO NATURAL

O Pedregal de Trimia, no concello de Meira, é un deseño lugares que na cultura colectiva galega representan como poucas a nosa identidade como pobo. Un marco do noso imaxinario común, un espazo senlleiro e mítico: del nace o Miño, o pai dos ríos galegos!

Son dúcias os mitos e lendas que acompañan ao longo dos séculos ao Pedregal de Trimia no seu lento tombear abaxo abaixo da Serra de Meira. Excepcional tamén o seu interese paisaxístico e xeomorfolóxico, como evidencias dun pasado aínda máis remoto no que os glaciares dominaban o mundo.

Mais esta fonda significación, este valioso tesouro cultural e científico que acubilla non é abondo para garantir a súa pervivencia. Son moitas as ameazas que pairan sobre este espazo: degradación paisaxística, escaliptización, turismo desordeado máis a principal delas quixés sexa o esquecemento.

Este semella ser o destino daquilo que non se pode mercar e vender, cuantificar por quilos, ferrados, euros ...

A as entidades e persoas que subscorbemos este manifesto negámonos a que isto aconteza. Negámonos a que o Pai Miño quede orfo, como un refuxiado na súa propia terra, privado do seu lugar fundacional, a casa patrucial: o Pedregal de Trimia.

É por iso que facendo uso das ferramentas das que nos dotamos para protexer e conservar a nosa herdanza natural e cultural, reclamamos un recoñecemento legal e unha protección para o Pedregal de Trimia. Á altura do seu valor e significado como elemento senlleiro do patrimonio material e inmateral, insubstituíbel, do pobo galego.

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza, establece a figura de Monumento Natural para "aqueles espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza que merecen ser obxecto dunha protección especial.

Consideráanse tamén monumentos naturais as formacións xeolóxicas e os demais elementos da xea, así como os xacementos paleontolóxicos, que reúnan un interese especial pola singularidade ou importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos.

O Pedregal de Trimia ben merece pois este cativo recoñecemento, un pequeno paraguas legal para escorrentar as ameazas do expolio, do cemento, dos escaliptos, máis sobre todo do esquecemento.

Os colectivos e persoas que abaixo asinamos, reclamamos da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia o inicio do procedemento para a declaración do Pedregal de Trimia como Monumento Natural, consoante ao disposto nos artigos 13 e 24 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza.

Galiza, setembro de 2016.

